

**PARADA 05**  
**A VOZ DO POETA**  
**CASA HABANERA**

## **A VOZ DO POETA. PASO A PASO**

1. COLOCAMOS O ATRIL PARA A SUBASTA CO CRONÓMETRO IMPRESO E O MAZO
2. RECIBIMENTO E **PRESENTACIÓN** NO EXTERIOR DA CASA HABANERA CO CADRO DOS MECENAS
3. SUBIMOS AO PRIMEIRO ANDAR E PEDIMOS QUE SE SENTEN NAS PRIMEIRAS FILAS
4. **EXPLICACIÓN** DO XOGO
5. FACEMOS A SUBASTA DE CINCO OU SEIS POEMAS DEPENDENDO DO TEMPO DISPOÑIBLE
6. FACEMOS A **CONCLUSIÓN** PEDÍNDOLLES QUE ESCOLLAN UN VERSO PARA O PASAPORTE

# A VOZ DO POETA. PRESENTACIÓN

Esta é a Casa Habanera de Guitiriz. Foi a primeira escola de bacharelato que tivemos na vila. Como moitas das escolas do século pasado, foi construída con cartos de emigrantes. Por iso chámase Casa Habanera, porque a financiaron emigrantes a Cuba, dentro hai unha foto dos mecenas.

Agora este edificio úsase para exposicións, charlas e conferencias. Na parte de arriba tamén ten unha biblioteca. E alí **foi onde Díaz Castro deu o seu primeiro recital en Galiza. Foi en 1984.** Tiña 70 anos e acababa de regresar a vivir a Guitiriz.

Pasaran máis de vinte dende a publicación de Nimbos e foi o primeiro recoñecemento que Díaz castro recibiu na súa terra. Pois ben, imos subir a esa sala e facer un recital un pouco especial.

*(Pedímoslles que suban e senten na parte de arriba)*

## MATERIAIS NECESARIOS:

- Poemas para a subasta
- Conómetro ou móbil
- Tempo para a subasta
- Mazo

# A VOZ DO POETA. XOGO E CONCLUSIÓN

Díaz Castro falaba nos seus poemas da terra, da natureza, do campo, de Galicia, de Deus... **Imos descubrir de que falan poetas doutro momento.** Pero poxando a ver quen é capaz de ler máis rápido os seus versos.

Primeiro alguén escolle un poema, vemos o longo que é e comezamos a poxa. Comezaremos sempre nun minuto e quen ofrezca o tempo menor ten que sair e demostrar que pode lelo así de rápido. Cal é o truco? Que despois o público ten que demostrar que lle entendeu algo.

Probamos?

*(Damos a escoller un poema, lomos a presentación do mesmo, amosamos a lonxitude e comezamos a poxa en 60 segundos)*

Adxudicado! Agora ven ao escenario e tes que lelo nese tempo. Para dalo por válido alguén do público terá que repetir un verso ou dicir de que trata. Listo? Comeza o poema de ... *(repetir o nome do autor/a)*

*(Un dos guías cronometra co móbil. Poxamos catro ou cinco poemas)*

Fin da poxa! Un aplauso por facelo tan ben!

Agora para continuar, escollede un dos versos e anotádeo no pasaporte.

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Os guías colócanse no escenario e os participantes sentan nas primeiras filas.
- Ollas coas baixas temerarias de tempo, se pensamos que non se pode ler no tempo que propoñen pódese declarar poxa nula e comezar de novo.
- Se non hai voluntarios escollemos nós por exemplo preguntando quen naceu en marzo, ou quen ten can... algo aleatorio.